

NORMAS COMÚNS PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS PARA OS XIV ENCONTROS TÉCNICOS DOS OCEX

Temática das comunicacións

Dado que o tema principal dos Encontros é “Auditoría da resposta ao COVID-19 e a implementación da iniciativa *Next Generation EU (NGEU)*”, estruturáronse os Encontros en tres grupos principais, que inclúen os seguintes temas:

G1 Auditoría da resposta ao COVID-19 e o novo marco NGEU

G2 Auditoría operativa, prevención e loita contra a fraude e administración local

G3 A auditoría e a administración dixital dos OCEX

Os temas propostos son orientativos e os grupos están abertos á presentación de relatorios/comunicacións con calquera contido que se considere de interese.

Esperamos non só a asistencia, senón tamén a participación activa dos profesionais das nosas institucións, presentando e compartindo experiencias de interese para todos.

A efectos prácticos e de axenda, devanditos grupos dividíronse en dúas sesións, unha por cada día de duración dos Encontros, da seguinte forma:

xiv_encuentros_ocex@ccontasgalicia.es

G1-S1 Auditoría da resposta ao COVID-19

Coordinador: Guillermo Álvarez

G2-S1 Auditoría operativa

Coordinador: Eloy Morán

G1-S2 Control NGEU

Coordinadora: Patricia Iglesias

G2-S2 Prevención e loita contra a fraude

Coordinador: Manuel Santana

G2-S3 | Administración local: retos ante as novas formas de control

Coordinador: Luis Fuentes

G3- A auditoría e a administración dixital dos OCEX

Coordinadora: Mar Cibreiro



Cuestións xerais para a presentación de relatorios/comunicacións

1. Prazos de envío.

Os relatores, tras sinalar no formulario de inscrición o seu interese en participar nun determinado grupo, deberán enviar por correo electrónico os documentos seguintes:

- Un **resumo** da comunicación e un currículo resumido (máximo 10 liñas) antes do 11 de outubro de 2021.
- A **comunicación** e/ou a **presentación**, antes do 2 de novembro de 2021. Enviaranse ao correo:

xiv_encuentros_ocex@ccontasgalicia.es

3. Os resumos serán sometidos a avaliación polo Comité Técnico (coordinador dos Encontros e coordinadores/moderadores dos grupos de traballo) para a súa aceptación, que se comunicará aos autores por correo electrónico.

Ademais do criterio de interese técnico e adecuación á temática de cada grupo, en caso de múltiples propostas de participación atenderase a orde de inscrición e recepción dos resumos.

A aceptación do resumo implicará a confirmación da inscrición nos Encontros. A comunicación da non aceptación suporá que se deberá continuar o proceso de inscrición para que sexa confirmada.

4. O Comité Técnico poderá recolocar aos relatores entre os grupos ou redeseñar o contido dos grupos en función das circunstancias.

5. Durante as sesións de traballo, os relatores disporán inicialmente **dun máximo de 20 minutos** para presentar a súa comunicación e 5 minutos para responder ás preguntas ou comentarios do auditorio.

O tempo establecido deberá respectarse estritamente para non entorpecer a boa marcha das sesións.

6. A entrega dos documentos leva implícita a cesión dos dereitos de explotación e copia para a súa publicación na web dos XIV Encontros Técnicos.

7. **Bonificación da cota de inscrición.** Bonificarase o 100% da cota de Inscrición que corresponda aos relatores cuxa presentación / comunicación fose seleccionada para a súa exposición durante os Encontros. No caso de comunicacións conxuntas, o desconto aplicarase exclusivamente ao primeiro asinante desta.

8. **Contacto.** O enderezo de correo de contacto para calquera cuestión é:

xiv_encuentros_ocex@ccontasgalicia.es



Requisitos formais dos documentos presentados

1. Todos os documentos deberán seguir os requisitos formais establecidos no presente apartado.
2. O **resumo** terá unha extensión **máxima** de 1 páxina e deberá incluír o título, o nome do autor ou autores, a institución á que pertencen, un enderezo de correo electrónico de contacto, o grupo no que se inscriben e o texto.

Deben presentarse en formato Word ou PDF, letra Arial, corpo 12 e entreliñado de 1,5.

3. A **comunicación** deberá incluír na súa primeira páxina o título, o nome do autor ou autores, a institución á que pertencen, o enderezo de correo electrónico de contacto e o texto do resumo.

A comunicación debe recoller o contido da presentación, pero, aínda que é desexable a súa elaboración non é un requisito necesario para a participación como relator.

Se se inclúen cadros, gráficos ou notas ao pé de páxina deberán numerar correlativamente. Todas as páxinas deberán ser numeradas ao pé, no centro e de forma secuencial.

Deben presentarse en formato Word ou PDF, letra Arial, corpo 12 e entreliñado de 1,5 e terán unha extensión **máxima** de 20 páxinas.

4. A **presentación** deberá recollerse nun arquivo de PowerPoint ou similar, con formato 16:9.

Todas as presentacións deberán incluír unha portada (a primeira transparencia) co modelo dos XIV Encontros:



Carátula XIV
Encuentros OCEX.ppt

5. Os arquivos dos documentos nomearanse da seguinte maneira:
[Grupo]_[Prefixo]_[Apellido do autor]_[Palabra crave do tema].[extensión]

Grupo: G1S1, G2S1, G3S1, G1S2, G2S2, G3S2.

Prefixo: RES (Resumo), COM (Comunicación), PRES (Presentación) Extensión: pdf, ppt, pptx ou a que proceda.

Exemplo: "G3S1_PRES_Cibreiro_Intercomunicacion.pptx"